



## Plan de adaptación á situación COVID-19. Familias

### Coidado da saúde

Antes de saír da casa

Debemos comprobar que a alumna ou alumno non presenta síntomas compatibles coa COVID-19:

- Febre
- Tose seca
- Dificultade respiratoria
- Fatiga severa (cansazo),
- Dor muscular
- Falta de olfacto
- Falta de gusto
- Diarrea.

Rexistro de ausencias do alumnado

O centro conta con dous rexistros de asistencia do alumnado. Ao rexistro en Xade, engadimos un específico para aquelas ausencias provocadas por sintomatoloxía compatible coa COVID-19.

As ausencias por sintomatoloxía compatible tamén serán rexistradas no convencional, pero ao figurar no específico por COVID-19 quedará eximida a xustificación a efectos de apertura do protocolo de absentismo escolar. O mesmo tratamento terá o alumnado que se vexa obrigado a facer corentena.

O cruce de datos non é inmediato. O rexistro de XADE (o que avisa en ABALAR MÓBIL) rexistra a falta de presenza do/a alumno/a na clase.

Para a xustificación da ausencia, non será necesaria ningún xustificante médico, abondará con constatar o coñecemento da falta por parte da familia (pais/nais) ou dos titores/as legais.

Na clase

Cando se sospeita que un/ha alumno/a comeza a desenvolver síntomas compatibles con COVID-19 no **centro** educativo<sup>1</sup> levarase á sala COVID, colocárselle unha máscara cirúrxica, e contactarase coa familia. O seu titor ou titora legal (pai/nai) deberán chamar ao seu centro de saúde de Atención Primaria para solicitar consulta, ou ao teléfono de referencia do SERGAS e seguiranse as súas instrucións.

Comunicación das incidencias as autoridades sanitarias e educativas:

- **Aparición síntomas no alumnado antes de acudir ao centro:** aviso ao equipo COVID: Comunicaranse telefonicamente co centro (886120511) ou envío dun correo electrónico ao enderezo do centro ([ies.rosais.2@edu.xunta.es](mailto:ies.rosais.2@edu.xunta.es)).
- Aparición dun caso ou unha sospeita no alumnado no centro educativo:
  - Chamada telefónica á familia do afectado/a para comunicar a situación e solicitar a recollida do alumno/a. A familia deberá solicitar unha consulta telefónica co seu pediatra, e se non houberse cita acudir á PAC para a súa valoración.
  - Chamada telefónica ao **centro de saúde de referencia**.
  - Comunicación coa **Xefatura Territorial de Sanidade** cando se teña confirmación oficial dun caso.
  - Subida de datos á aplicación. (**EduCovid**)

### Comunicacións do centro

“Utilizarse como mecanismo de comunicación xeral coas familias a páxina web do centro”<sup>2</sup> e mais o Espazo Abalar.

<sup>1</sup> Febre maior de 37,5°C, Tose seca, Dificultade respiratoria, Fatiga severa (cansazo), Dor muscular, Falta de olfacto Falta de gusto, Diarrea.



### **Titorías e reunións**

- “Nas reunións de titoría e nas comunicacións por outros motivos coas familias priorizarase a comunicación por teléfono ou videochamada. Porén cando a xuízo do titor/a ou da dirección do centro sexa preciso a titoría presencial realizarase esta coas debidas medidas de protección.”<sup>3</sup>
- Os Consellos Escolares celebráranse preferentemente de xeito telemático.
- As actividades das ANPAs celebráranse preferentemente por medios telemáticos evitando en todo caso a xuntanzas que supoñan un número elevado de persoas.

### **Actividades extraescolares**

A realización de actividades extraescolares está condicionada á aprobación dun protocolo que se integrará como anexo no “Plan de adaptación á situación COVID-19 no curso 2020/2021”.

### **Alumnado vulnerable**

“No suposto de alumnado que poida ter a condición de vulnerable, como consecuencia de patoloxías (agudas ou crónicas) que provoquen dependencia, os criterios sanitarios -que rexerán asistencia a clase ou, de ser o caso, a escolarización domiciliaria- serán os que recomende médico ou pediatra.”<sup>4</sup>

---

2 Punto 12.6 do Protocolo de adaptación ao contexto da covid-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-2021. VERSIÓN 16-09-2020 (A partir de agora, Protocolo)

3 Punto 12.5 do Protocolo.

4 Páxina 8 do Protocolo.